

DEBUXO ARTÍSTICO

Orientacións para a realización da ABAU 2024.

A análise do deseño curricular da materia e da súa situación dentro da modalidade de Artes en bacharelato fai que o Grupo de Traballo considere necesario aclarar unha serie de cuestións sobre a proposta de exame.

Ademais, tendo en conta que a proba vai sufrir unha reforma o próximo ano, intentamos formular unha proba da maneira máis sinxela posible, quedando a expensas de novas directrices.

O obxectivo é que o alumnado poida entender o debuxo coma un medio de coñecemento, de análise e de expresión.

O Grupo de Traballo de Debuxo Artístico propón unha proba eminentemente práctica que consiste na realización de dous debuxos nun formato DIN A4 e cun grama-xe non inferior a 90 g/m². O papel entregarase no momento do exame.

O alumnado debe realizar dous dos tres exercicios propostos.

A técnica a empregar será libre. Poderase usar técnicas secas (grafito, lapis ou rotuladores de cores, collage, carbón prensado,...) e/ou húmidas (tinta, acuarela, témpera, collage, ...) de secado rápido e natural, non se poderá usar secador eléctrico e deberá estar seca no momento de entregar a proba na aula. O alumno deberá traer ó exame o material necesario para a realización da proba excepto o papel DIN A4.

Calquera dúbida pode dirixirse a aliste@uvigo.gal

Santiago de Compostela, 6 de novembro 2023

Araceli M. Liste Fernández
(Directora do Grupo de Traballo)